

Ola a todas as nenas e nenos de 5º curso!

Como ben sabedes, os 15 días de cuarentena non foron suficientes; polo que este tempo tivo que ser ampliado forzosamente.

Trátase dunha situación **excepcional, difícil, única e histórica**; destas que, como xa vos comentamos, seguro contaredes ás cativas e cativos cando sexades maiores...


Sabemos que algúns estaredes facendo milleiros de cousas e actividades e que a outros vos custa un pouco máis; pero non vos preocupedes, cada un ten o seu propio ritmo. É por iso que vos enviamos máis actividades para complementar as que xa levastes, facede as que vos de tempo, non vos preocupedes por iso. O ideal sería que as imprimídeses (se podedes), senón ide facéndoas nos cadernos.


→**MATEMÁTICAS**: documento con problemas de repaso dos contidos traballados nos últimos temas.

→**CIENCIAS SOCIAIS**: documento con actividades de reforzo do tema 4.

→**CIENCIAS DA NATUREZA**: documento con actividades de reforzo do tema 4 e pequeno traballo de investigación sobre Marie Curie (semellante ao

**GO AWAY,
CORONAVIRUS!**





que tivestes que realizar sobre Fleming, plasmando nunha cartolina a información acompañada dalgunha fotografía e/ou debuxo).

→**LINGUA CASTELÁ:** facer (pouco a pouco) os ditados do documento correspondente seguindo o procedemento habitual (ler, comprender, fixarse nas posibles faltas de ortografía, repasar e correxir). O aconsellable sería contar coa axuda dalguén da vosa casa.

→**LINGUA GALEGA:** hai un documento con actividades relacionadas con Ricardo Carvalho Calero, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Se vos apetece, tamén estaría ben confeccionar un marcapáxinas relacionado con este escritor.

Finalmente gustaríanos destacar que, os que teñades oportunidade, non deixedes de entrar na plataforma E-DIXGAL, pois estamos colgando máis tarefas. Así mesmo, non esquezades aproveitar este tempo para ler, repasar as táboas de multiplicar, facer alguna receita de cociña (con axuda), practicar algo de exercicio, descansar, xogar, pasar tempo coa familia, colorear o debuxo que incluímos ao final, crear alguna manualidade... sodes moi creativos e creativas, seguro que se vos ocorre algo!

Con moitas ganas de retomar a rutina e de vervos a todas e todos... un abrazo virtual da profe Begoña e do profe Mickael.

TODO IRÁ BIEN



EN CASA

YO ME QUEDO

